

Bolsas e axudas ao estudo

Axudas para adquirir libros de texto e material escolar

Orde do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2018/19. (DOG nº 95 do 21/5/2018)

Asignación de libros e contía das axudas

A asignación de libros de texto correspondentes aos cursos 3º, 4º, 5º e 6º de EP e a todos os cursos de ESO, que estean dispoñibles no fondo solidario do centro, efectuarase:

- a. Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.
- b. Terá preferencia para esta adxudicación o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da renda.

Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro docente adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir:

- a. Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros: seis (6) libros de texto.
- b. Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: catro (4) libros de texto.
- c. Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %: seis (6) libros con independencia da renda.

O importe máximo que aboará a consellería a cada centro por cada libro complementario adquirido será de: 30 euros en EP e 35 euros en ESO.

A contía das axudas para adquirir libros de texto será:

a) Para o alumnado de 1º e 2º de EP:

1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros: 170 euros.

2º. Renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: 90 euros.

b) Para o alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en unidades de EE de centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, a contía das axudas será de 250 euros con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

c) Para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o importe da axuda será o maior correspondente ao ensino e curso en que estea matriculado, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

d) Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a que se refiren as disposicións adicionais segunda e terceira desta orde:

Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP:

1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros: 170 euros.

2º. Renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: 90 euros.

Alumnado de ESO:

1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros: 180 euros.

2º. Renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: 104 euros.

3. A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en EP e en ESO con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros será de 50 euros.

O alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

Corresponderá aos centros docentes sostidos con fondos públicos tramitar as solicitudes de participación e realizar os demais actos de xestión.

Prazo: ata o día 22 de xuño de 2018 (este incluído).

Axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2018, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos

Orde do 22 de xaneiro de 2018 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2018, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva. (DOG nº 27 do 7/2/2018) ED504B

Requisitos:

- a. Estar cursando 1º, 2º, 3º ou 4º de educación secundaria obrigatoria ou 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2017/18, na CA de Galicia.
- b. Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2016/17.
- c. Ter acadado no curso 2016/17 unha cualificación mínima de ben no 6º curso de educación primaria para o alumnado de 1º de educación secundaria obrigatoria, e de 6 para o de 2º, 3º e 4º cursos de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato na área ou materia de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía.
- d. Para as actividades de integración, estar matriculado/a, no curso 2017/18, nun centro da Rede de centros plurilingües.
- e. Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.
- f. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- g. Estar en posesión do DNI, NIE ou pasaporte. No caso do alumnado menor de 14 anos que non dispoña de documento de identidade, farase constar, como documento identificativo, o do pai ou da nai ou do titor ou titora legal.

As axudas poderán ser solicitadas polos pais, nais ou titores legais, no caso do alumnado menor de idade, ou polo propio alumnado se é maior de 18 anos, sempre que conten con domicilio en Galicia.

Solicitude | Presentación electrónica

Prazo de presentación: do 8 de febreiro ao 7 de marzo de 2018.

Axudas ao alumnado de segundo e posteriores cursos matriculado nas universidades do Sistema universitario de Galicia

Orde do 15 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas ao alumnado de segundo e posteriores cursos matriculado nas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso 2017/18, nas ramas de coñecemento afectadas polos cambios de requisitos académicos introducidos polo Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño (BOE n 160, do 5 de xullo). (DOG nº 12 do 17/1/2018) ED441D

Prazo de presentación de solicitudes: un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG. Ata o 19 de febreiro de 2018, por ser o 17 inhábil.

Bolsas Erasmus Mundus

Convoca: A Comisión Europea xunto coa Asociación Erasmus Mundus.

Destinatarios/as: Agricultura e Veterinaria, Enxeñería, Fabricación e Construción, Saúde e Benestar, Humanidades e artes, Ciencia, Matemáticas e Informática, Ciencias Sociais, Negocios e Dereito.

Prazo de solicitude: finaliza no mes de **xaneiro de 2018**.

Os estudantes de Master poden postular a un máximo de tres programas diferentes. Tanto os estudantes como posibles bolseiros / conferenciantes convidados deben contactar á institución relevante para obter máis información sobre os cursos e os procedementos de solicitude: https://eacea.ec.europa.eu/erasmus-plus/library/scholarships-catalogue_en

Real Decreto 726/2017, do 21 de xullo, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2017-2018, e modifícase o Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas. (BOE nº 174 do 22/7/2017)

